



Biblioteca móbil de verán

Baixo o lema **“Pasa o verán cun libro na man”** a Concellería de Cultura, dende a Biblioteca Municipal, estrea o próximo venres 8 de xullo a actividade Biblioteca Móbil de Verán, un servizo gratuíto de lectura e ocio para todas as idades.

A Biblioteca Móbil de Verán estará instalada na praia de Barraña os venres en horario de 17.30h a 20.00h. No mes de Xullo na praia de Barraña na zona da área deportiva e en Agosto trasladarase a Praia Xardín, na zona das Colonias.

As actividades a desenvolver abarcan préstamo de libros para nenos/as e adultos, sesións de contacontos e tamén talleres de animación lectora infantís, elaborando marcapáxinas, títeres, pisapapeis e máis manualidades.